

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Ana Comesaña Álvarez, Vicexerente de Persoal
Miguel Diéguez Díaz, Vicexerente do campus de
Ourense

José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de
PAS

M^a Carmen Pérez Martínez, Xefa Sección Xestión
de PAS (non asiste)

Margarita González Hernández, Xefa Sección
Emprego e Programas, Secretaria

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge(non asiste)

Ángel Torreiro Varela

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

María Fariza Novoa (non asiste)

Xan Cebro Rodríguez

Xosé Henrique Macías Cambra

ACTA da reunión celebrada ás
12:10 horas do 19 de maio de 2010, na
sala de xuntas da Xerencia coa
asistencia das persoas que se citan á
marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1º Sinatura acta de data 22.12.2009

2º. Criterios aplicación do artigo 5.2d) do
Acordo sobre selección temporal,
acceso interno e adscrición provisional
(entrégase proposta)

3º. Convocatoria específica para lista de
agarda da categoría de TE en
Electrónica (Tecnoloxía Electrónica)

José López Pérez indica que substitúe a María Fariza Novoa, Marisa Magaz Ledo substitúe a Marcos Estévez Orge. Na reunión tamén está presente Sergio Pajares Domínguez.

1. SINATURA DA ACTA DE DATA 22 DE DECEMBRO DE 2009

Apróbase por unanimidade.

2.- CRITERIOS DE APLICACIÓN DO ARTIGO 5.2D) DO ACORDO SOBRE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL.

Ana Comesaña explica cómo se ven aplicando: só se ofertan melloras cando o contrato actual ten data prevista de remate inferior a un mes, ou que a duración global prevista do mesmo sexa inferior a 6 meses, a Xerencia entrega unha proposta co fin de xerar máis rotación nas listas de agarda.

Xan Cebro entende que unha vez aceptada a primeira mellora non se lle pode ofertar a esa persoa outra mellora.

Luis Pérez Gómez entende que o expresado no acordo está clarísimo e que sempre hai que ofertar as melloras independentemente de canto tempo leve a persoa no contrato actual.

Ana Comesaña matiza que o espírito da norma era intentar mellorar os contratos que tivesen unha duración de un ou dous meses. Volve a insistir que o mellor é lograr a máxima rotación do persoal. Ademais, ante a defensa de Luis Pérez de que se aplique a norma tal e como está no DOG, Ana Comesaña considera que non é viable estar constantemente sometendo a cambios aos postos de traballo.

Ante a falta de acordo sobre a proposta entregada, as partes, coa excepción de Luis Pérez Gómez, acordan que se siga aplicando o criterio exposto, é dicir que os contratos/nomeamentos de duración igual ou superior aos 6 meses ofreceranse ás persoas que teñan un contrato/nomeamento (incluíndo as prórrogas) de duración inferior ou ben ás que tendo un vínculo de duración igual ou superior aos 6 meses estean no seu último mes. A renuncia á nova oferta suporá a suspensión de novas ofertas de contratos de duración igual ou superior a 6 meses pola duración do contrato/nomeamento vixente no momento da renuncia. As interinidades por vacante ofreceranse a todos os que non teñan este tipo de contrato/ nomeamento.

O resto dos membros están de acordo e Xan Cebro propón que unha vez que rematen os procesos selectivos e tomas de posesión se retome este tema.

Todos os membros do Comités e da Xunta de Persoal están de acordo en que se apliquen as penalizacións expresadas no acordo no caso de que alguén renuncie a un cambio de localidade que tiña previamente solicitado.

Ana Comesaña indica de que hai dúas solicitudes de persoas incluídas nas listas de agarda que tiveron que renunciar aos contratos ofertados pola Universidade e unha petición de que só se lle oferten postos de traballo en Pontevedra por mor do coidado dun familiar. Margarita González informa que unha das renuncias foi motivado polo coidado dun fillo menor, todos os membros acordan que se lle suspenda de chamamento ata que a persoa exprese a súa vontade de incorporarse a mesma por finalización da causa que motivou a súa renuncia. A segunda renuncia foi consecuencia da aceptación dun contrato mellor noutra administración, todos os membros están de acordo en que se lle manteña na lista de agarda en suspensión de chamamento ata que xustifique a finalización do seu contrato. En canto á petición da persoa que solicita que só se lle oferten postos en Pontevedra é rexeitada por unanimidade polos membros da

comisión, xa que non se considera suficientemente xustificada a elección da localidade de Pontevedra en relación coa de Vigo.

3. CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA LISTA DE AGARDA DA CATEGORÍA DE TÉCNICO ESPECIALISTA EN ELECTRÓNICA (TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA).

Luis Pérez solicita coñecer o informe que xustifica a necesidade desta convocatoria. A administración remitiralle unha copia.

Ángel Torreiro pide que non haxa docentes nos tribunais de prazas de PAS.

A convocatoria acórdase por unanimidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 horas.